



**Concello de
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1
36620 Vilanova de Arousa
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021
986 554 082
986 555 102
Fax: 986 554 069

**ASUNTO: SUBSANACIÓN DUN ERRO EXISTENTE NA RESOLUCIÓN DA
ALCADÍA DE 26 DE AGOSTO DO 2014. CONTRATACIÓN DE PERSOAS
EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA
RISGA PARA PRESTAR SERVIZOS EN OBRAS.**

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ANTECEDENTES DE FEITO

1.-Con data de 9 de setembro do 2014 recibíuse neste concello un acordo da Xunta de Galicia, da Consellería de Traballo e Benestar, en concreto do Servizo de Emprego e Formación no que indica que foi detectado un erro na resolución de data 6 de agosto do 2014, pola que se concede ao Concello de Vilanova de Arousa, ao abeiro da Orde do 30 de maio de 2014 (DOG núm. 104 do 3 de xuño) unha subvención para a contratación temporal de 5 traballadores desempregados en situación ou risco de exclusión social perceptores da Risga para a realización do servizo denominado "Servizo Municipal de Obras".

2.-No anexo de desagregación da subvención, detectouse un erro ao indicar un total de 5 traballadores axudantes de canteiros, cando debían indicarse **2 traballadores axudantes de canteiros e 3 peóns de obras públicas**, manténdose correcto o resto das características sinaladas no citado anexo, no concernente á grupo de cotización, modalidade contractual, duración do contrato, xornada, cotización empresarial e total de custo subvencionable de Seguridade Social e de custo salarial total.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.-O artigo 105.2 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que sinala: "*As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

Por todo o anterior e vistas as competencias que a normativa vixente atribúe ao Alcalde, **RESOLVO**

Modificar a resolución da alcaldía de 26 de agosto do 2014, de acordo co exposto con anterioridade, manténdose nos mesmos termos o resto.

Vilanova de Arousa, 9 de setembro do 2014.

O Alcalde-Presidente.

P.O.

Gonzalo Durán Hermida.

Ante min. Certifico e dou fe.

A Secretaria xeral accidental.

Magdalena Méndez Suárez.